



Mensaxe de Nadal da Súa Maxestade o Rei

24 de decembro de 2023

Boas noites,

Como cada Noiteboa, teño a oportunidade de felicitarvos o Nadal e de transmitirvos, xunto á miña familia, os nosos mellores desexos. É unha tradición que me agrada manter e que tamén me permite facer chegar aos vosos fogares algunhas reflexións sobre o noso presente e sobre os retos que se nos formulan como país.

As dificultades económicas e sociais que afectan a vida diaria de moitos españois son unha preocupación para todos. Unha preocupación que se manifesta, especialmente, en relación co emprego, a sanidade, a calidade da educación, o prezo dos servizos básicos. Dende logo tamén coa inaceptable violencia contra a muller ou, no caso da mocidade, co acceso á vivenda.

Así pois, son moitas as cuestións concretas que me gustaría abordar convosco hoxe, se ben esta noite quero centrarme noutras que tamén teñen moito que ver co desenvolvemento da nosa vida colectiva. É á Constitución e a España ao que me quero referir.

Este ano, a nosa Constitución cumpriu 45 anos. Durante estes anos de vida democrática, a Constitución, que a Princesa de Asturias xurou o pasado 31 de outubro, estivo presente ininterrompidamente nas nosas vidas. E é, sen dúbida, o mellor exemplo da unión e convivencia entre españois.

Non podemos esquecer que un dos nosos grandes activos en democracia é, precisamente, esa convivencia baseada en sentimentos compartidos e na busca común do benestar e a prosperidade de todos.

En Asturias en outubro pasado, sinaliei -e así o creo-, que é coa unión, co esforzo colectivo e coas actitudes solidarias como se constrúen as grandes obras, as que transcenden ás persoas, as que duran e permanecen no tempo. É así como un país progresa.

Naturalmente, en España todo cidadán ten dereito a pensar, a expresarse e defender as súas ideas con liberdade e respecto aos demais.

Pero a democracia tamén require uns consensos básicos e amplos sobre os principios que compartimos e que nos unen dende hai varias xeracións.

E esa unión, que ten profundas raíces históricas e culturais, debe descansar sobre todo nos valores que rexen toda a convivencia democrática: a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

Eses son os valores que nos cohesionan, que lle dan fortaleza e permanencia a un sistema democrático como o noso.

E así os define e establece a nosa Constitución, que foi o maior éxito político da nosa recente historia, e que supuxo a culminación dun proceso que mereceu unha admiración e un recoñecemento internacional extraordinarios.

Grazas a ela, España conseguiu construír e consolidar unha democracia plena, aberta e integradora, un Estado Social e Democrático de Dereito, que asegurou a nosa convivencia e que nos permitiu superar diversas e graves crises nos últimos anos. Esa é a evidente realidade da nosa historia recente constitucional.

Grazas á Constitución conseguimos superar a división, que foi a causa de moitos erros na nosa historia; que abriu feridas, fracturou afectos e distanciou as persoas. Superar esa división, polo tanto, foi o noso principal acerto hai xa case cinco décadas. Por iso, evitar que nunca o xerme da discordia se instale entre nós é un deber moral que temos todos. Porque non nolo podemos permitir.

E hai outra dimensión da Constitución na que a miúdo non reparamos e que, sen dúbida, é tamén moi importante: A que nos permite asegurar o noso modelo de vida, a nosa forma de vivir e de entender a vida. Expresarse libremente, recibir unha educación, ter un emprego, ou protexerse da enfermidade, é sen dúbida clave no noso día a día. Tamén o é, acceder a unha vivenda, formar unha familia, contar con axuda social ou dispoñer dun retiro digno. Todos eses feitos diarios -e moitos máis- son os que a Constitución ampara, garante e protexe.

Por iso, quero reivindicar a Constitución non só como valor democrático de presente e de futuro, senón tamén como instrumento e garantía imprescindible para que a vida dos españois poida seguir discorrendo con confianza, con estabilidade, con certeza. Para que poidamos gozar libremente dunha vida na que cada un -coas súas circunstancias- poida ver razoablemente satisfeitas as súas lexítimas expectativas, as súas ambicións, os seus proxectos e as súas necesidades.

Pero é evidente que para que a Constitución desenvolva plenamente o seu labor non só se require que a respectemos, senón tamén que conservemos a súa identidade, o que a define, o que significa; a súa razón de ser como pacto colectivo de todos e entre todos para un propósito compartido.

E, finalmente, esixe que preservemos a súa integridade como lugar de recoñecemento mutuo, de aceptación e encontro aprobado por todos os españois, como lexítimos titulares que son da soberanía nacional.

Polo tanto, fóra do respecto á Constitución non hai democracia nin convivencia posibles; non hai liberdades senón imposición; non hai lei, senón arbitrariedade. Fóra da Constitución non hai unha España en paz e liberdade.

E xunto á Constitución, España.

Os españois iniciamos hai xa case medio século un novo camiño; fixémoslo xuntos, democraticamente, nun proxecto común. Aprobamos unha visión compartida de España que recoñece o dereito de todos a sentirse e a ser respectados na súa propia personalidade e na súa cultura; coas súas linguas, tradicións e institucións.

E hoxe, España é unha sociedade forte, que demostrou moitas veces os valores que forxan o noso sentido como comunidade política:

Fomos solidarios cos que sufriron a adversidade;

Tivemos un comportamento cívico exemplar na superación da COVID;

Demostramos coraxe, dignidade e principios fronte ao terrorismo;

E expresamos e -sobre todo- defendemos os nosos valores constitucionais cando estes estiveron en cuestión ou se puxeron en risco.

E todo iso, tamén o fixemos xuntos e de acordo co marco constitucional, decidido por todos os españois.

A razón última dos nosos éxitos e progresos na historia recente foi precisamente a unidade do noso país, baseada nos nosos valores democráticos e na cohesión, nos vínculos sólidos do Estado coas nosas Comunidades Autónomas e na solidariedade entre todas elas. Baseada tamén na nosa apertura ao exterior cunha profunda vocación iberoamericana e europea. Precisamente, España presidiu o Consello da UE durante o último semestre, no que se reforzou a unidade de Europa.

Non teño dúbida de que a unidade será tamén a clave para que poidamos afrontar con éxito os serios e complexos retos de futuro aos que España se enfronta hoxe.

Para abordar ese futuro, todas as institucións do Estado temos o deber de conducirnos coa maior responsabilidade e procurar sempre os intereses xerais de todos os españois con lealdade á Constitución. Cada institución, comezando polo Rei, debe situarse no lugar que constitucionalmente lle corresponde, exercer as funcións que lle estean atribuídas e cumprir coas obrigas e deberes que a Constitución lle sinala.

Debemos respectar tamén as demais institucións no exercicio das súas propias competencias e contribuír mutuamente ao seu fortalecemento e ao seu prestixio. E, finalmente, debemos velar sempre polo bo nome, a dignidade e o respecto ao noso país.

España tivo ao longo da súa historia, durante séculos, a responsabilidade de influír no rumbo da Humanidade. Como tamén atravesou períodos de traxedia, silencio, illamento e dor. Pero o pobo español superounos sempre; conseguiu sobrepoñerse, sabendo elixir o seu camiño con fortaleza e co orgullo dos pobos que son e queren ser.

Deberíamos tomar maior conciencia do gran país que temos, para así sentilo máis e coidalo entre todos. Así poderemos cumprir mellor coa obriga da que falei hai unhas semanas nas Cortes: a de garantir ás novas xeracións o legado dunha España unida, cohesionada, con vontade de entendemento, e sólida nas súas conviccións democráticas, cívicas e morais; o legado dunha España respectada, dunha Nación querida, na que poidan continuar desenvolvendo as súas vidas de xeito libre, de xeito seguro nun ámbito de estabilidade e confianza.

España seguirá adiante. Con determinación, con esperanza, farémolo xuntos; conscientes da nosa realidade histórica e actual, da nosa verdade como Nación. Nese camiño estará sempre a Coroa; non só porque é o meu deber como Rei, senón tamén porque é a miña convicción.

Grazas polo voso tempo nesta noite e xunto á Raíña, a Princesa Leonor e a Infanta Sofía desexámosvos unha feliz Noiteboa, cun recordo moi especial para os que, neste momento, con dedicación e entrega, velan pola seguridade de todos, e polo funcionamento dos servizos públicos.

A todos, Feliz Navidad, Eguberri on, Bon Nadal e Boas festas. Moi boas noites; e feliz e próspero ano 2024.